



PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES QUE
CORRESPONDEN AO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

O departamento de Matemáticas facilitará exercicios de carácter voluntario para orientar a preparación da materia pendente. A entrega destes exercicios feitos, no momento indicado polo seu profesor/a, axudará a superar a materia.

Realizaranse tres exames ao longo do curso;

- PRIMEIRO PARCIAL: No primeiro exame, que se realizará a finais de xaneiro, avaliaranse a metade dos contidos da materia.

- SEGUNDO PARCIAL OU PROBA GLOBAL: No segundo exame, que se realizará a finais de abril, avaliarase a outra metade dos contidos, no caso de ter aprobado o primeiro parcial, ou o total dos contidos, se o alumno/a non superou o primeiro parcial.

A nota da materia calcularase do xeito seguinte:

- Se o alumno/a aproba os dous parciais a nota da materia será a media aritmética da nota acadada nos dous parciais.

- Se o alumno/a non aproba o primeiro parcial, a nota da materia será a do exame global.

Se o alumno/a entrega os exercicios, a nota da materia calcularase:

$0,30 \cdot \text{NOTA FICHAS} + 0,70 \cdot \text{NOTA EXAME}$, cando esta opción sexa a máis favorable.

Se o alumno/a aprobou a primeira avaliación do curso actual, o cálculo da nota da materia será:

$0,90 \cdot \text{NOTA EXAME} + 1$ punto.

$0,30 \cdot \text{NOTA FICHAS} + 1$ punto + $0,60 \cdot \text{NOTA EXAME}$, cando esta opción sexa a máis favorable.

Se o alumno/a non consegue superar a materia na convocatoria de Abril, poderá facer unha proba global en xuño. Neste caso a nota da materia será a mellor entre a nota acadada na convocatoria de Abril e a de xuño.



PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES QUE
CORRESPONDEN AO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

RELACIÓN DE CONTIDOS:

	PRIMEIRO PARCIAL	SEGUNDO PARCIAL
MAT. I	UD 1. Trigonometría. UD 2. Xeometría analítica. UD 3. Números Complexos. UD 4. Funcións. UD 5. Límites. Continuidade.	UD 6. Derivadas. UD 7. Aplicación das derivadas. Representación de funcións. UD 8. Distribucións bidimensionais. Regresión lineal UD 9. Repaso Números e Álgebra. Método de Gauss.
MAT. CCSS I	UD 1. Estatística descritiva bidimensional. UD 2. Probabilidade. UD 3. Distribucións binomial e normal. UD 4. Números Reais. UD 5. Matemática financeira.	UD 6. Polinomios, ecuacións, inecuacións e sistemas. UD 7. Funcións. UD 8. Límites. Continuidade. UD 9. Derivadas. Aplicacións.

(recortar por aquí)

Eu _____
pai/nai/titor/a do alumno/a _____

Recibin a información relativa á recuperación da materia MATEMÁTICAS PENDENTE.

Data: _____

Asinado: _____